

BASES DA CAMPAÑA ESTRELA 2024

1) OBXECTO

A Asociación Centro Comercial Local Estrela de Marín, desenvolverá dende o 1 de FEBREIRO ao 29 de NOVEMBRO de 2024, ambos inclusive, a promoción "**Campaña Estrela 2024**". Esta Campaña pretende premiar a fidelidade dos clientes, transmitíndolle aos consumidores un atractivo promocional que incentive a realización das compras nos establecementos asociados, ofrecendo a posibilidade de acadar importantes premios.

2) ÁMBITO DA PROMOCIÓN

Esta promoción terá o seu ámbito nos establecementos comerciais e demais empresas integradas na asociación, que decidan voluntariamente participar na mesma (sempre e cando os mesmos se atopen abertos ao público e en normal funcionamento durante o período indicado).

As bases estarán dispoñibles na páxina web www.estrelademarin.gal

3) PREMIOS:

Haberá 7 sorteos de 150 € en tarxetas regalo de "Comercio do Morrazo", un sorteo cada mes dende febreiro de 2024 a novembro de 2024 (pararase nos meses de verán). Os sorteos efectuaranse na sede social sita na Rúa Real nº 10 baixo ás 13 horas, os seguintes días: 29 de febreiro, 29 de marzo, 30 de abril, 31 de maio, 28 de xuño, 31 de outubro e 29 de novembro.

Os gañadores disporán dun mes para canxear as tarxetas regalo nos establecementos participante, que selen as tarxetas premiadas.

4) DEREITO A PARTICIPAR E ACCESO Á PROMOCIÓN.

Trátase dunha promoción de balde dirixida aos clientes-consumidores das empresas asociadas participantes. Pode participar calquera

persoa física que realice alguna compra ou servizo no comercio ou empresa asociada durante o período de vixencia da promoción (do 1 de febreiro de 2024 ao 30 de novembro de 2024).

Repartiranse entre todos os establecementos participantes na campaña un número determinado de tarxetas, con tres recadros en branco por un lado e cun apartado para os datos do cliente polo outro.

Nestes recadros, cada establecemento selará (**unha única vez en cada tarxeta**) no momento de realizar a compra ou o consumo por parte do cliente. Unha vez que o cliente encha a tarxeta cos tres selos e cos seus datos persoais, terá que depositala nunha urna sita na sede social.

A presente promoción farase con igualdade de oportunidades e con estricto respecto ás normas básicas da boa fe. Por elo, calquera utilización abusiva ou fraudulenta destas Bases dará lugar á conseguinte exclusión do participante na promoción.

Todos os datos introducidos polo participante deberán ser veraces. No suposto de que o participante cumprimentase a tarxeta con datos falsos ou utilizara de xeito inadecuado, non se terá en conta e quedará excluído da promoción e da posibilidade de optar a premio algún. Do mesmo xeito, aquelas tarxetas nas que non consten tres selos de diferentes establecementos, non terán opción á participar no sorteo.

A constatación de calquera destas circunstancias suporá a descalificación automática do participante. No caso de constatar as citadas irregularidades con posterioridade á aceptación do premio, ESTRELA DE MARÍN, resérvase o dereito a exercer todas as accións legais que lle asistan contra os infractores.

5) ENTREGA E ACEPTACIÓN DOS PREMIOS

ESTRELA DE MARÍN, porase en contacto cos gañadores dos vales nos números de teléfono facilitados nas tarxetas, a partir das 13.30 horas dos días dos sorteos.

Para elo realizaranse dous intentos de comunicación telefónica, durante ese día. Unha vez contactado, o gañador deberá confirmar a súa aceptación do premio. No suposto de que o gañador non aceptara o premio nas condicións e prazos establecidos ou non puidera ser localizado mediante os datos facilitados, pasarase a identificar aos suplentes por orden, seguindo idéntico proceso. De resultar infructuoso o intento, o premio quedará deserto. Extraerase 1 suplente en cada sorteo.

Ningún dos premios da presente promoción poderá ser obxecto de cambio, alteración, compensación o cesión a petición dos gañadores.

Para gozar do seu premio, daráselles aos gañadores tres tarxetas regalo por importe de 50 €, que terán que gastar nos tres establecementos que selen a tarxeta premiada. Os gañadores disporán dun mes para efectuar as súas compras.

Ademáis, se o/a gañador/a, pertence ao Club de fidelización "Comercio do Morrazo", engadiranse 50€, a súa tarxeta de fidelización, que poderá gastar en calquera dos establecementos participantes na campaña.

Os gañadores terán que recoller os premios, nos actos que se levarán a cabo os días que determine a asociación, nalgúns dos establecementos que selen a tarxeta premiada e deberán vir provistos dalgún documento identificativo (DNI, Carnet de conducir...). No caso de non poder asistir a dita entrega, poderán delegar noutra persoa sempre e cando esta acuda co citado documento acreditativo da persoa gañadora do premio. No caso de non acudir ao acto de entrega de premios, entenderase que renuncia ao mesmo.

6) LIMITACIÓNS PARA PARTICIPAR

ESTRELA DE MARÍN resérvase o dereito, se concurre causa xusta e previa comunicación de xeito legal, a efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar esta promoción. A simple participación implica a aceptación destas Bases na súa totalidade, polo que a manifestación, no sentido da non aceptación das mesmas, implicará a exclusión do participante e, como consecuencia, ESTRELA DE MARÍN, quedará liberada do cumprimento da obriga contraída con dito participante.

Así mesmo, os participantes comprométense a admitir a decisión interpretativa que ESTRELA DE MARÍN poida darlle sobre as presentes bases ou sobre calquera cuestión derivada da promoción contemplada nestas.

Así mesmo, se a persoa que figura no boleto gañador fose un menor, poderá representalo os seus pais ou tutor legal.

7) EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADES

- ESTRELA DE MARÍN non se responsabiliza do uso que do premio realice o agraciado e non será responsable dos servizos nin produtos que terceiras empresas deban prestar con motivo do premio desta promoción.
- ESTRELA DE MARÍN non será responsable si ao tratar de contactar co teléfono do gañador ou o seu correo electrónico están fóra de servizo ou non o reciben axeitadamente.

8) DEREITOS E DEBERES DE PARTICIPANTES E GAÑADORES.

REPERCUSIÓN FISCAL

ESTRELA DE MARÍN non se fará cargo dos impostos derivados da entrega dos premios, salvo aqueles que por lei lle correspondan satisfacer, e, no seu caso, practicará o ingreso a conta ou a retención que poida corresponderlle en virtude da lexislación aplicable.

- De conformidade coa normativa do IRPF os premios desta promoción estarán suxeitos á normativa fiscal en vigor en cada momento, actualmente a Lei 35/2006, de 28 de novembro do IRPF e o Real Decreto 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do IRPF.

Neste marco legal, establécese que os premios derivados da participación en xogos, concursos, rifas, ou combinacións ao azar vencelladas á venda e promoción de bens e servizos están suxeitos ao ingreso a conta sempre e cando a base de retención ou ingreso á conta do premios sexa superior a 300 €.

- ESTRELA DE MARÍN queda relevado de calquera responsabilidade relativa ás obrigas fiscais que para o agraciado puideran derivarse da obtención do premio.

TRATAMENTO DOS DATOS DE CARACTER PERSOAL

A efectos de dar cumprimento ao REGULAMENTO (UE) 2016/679 RGPD, informa de que os datos proporcionados polos **participantes** na campaña poderán serán incorporados a un fichero automatizado, denominado PROMOCIONES CAMPANAS Y SORTEOS responsabilidade da entidade, coa finalidade de xestionar a súa participación na presente promoción así como poder informarlle por calquera medio sobre produtos, promocións ou servizos, así como para o uso interno dos mesmos e o envío de comunicacións relativos aos aspectos anteriores. Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación ou oposición, revocación do consentemento prestado así como reclamar ante AEPD. ESTRELA DE MARÍN adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade e integridade dos datos, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso nonautorizado.

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

Os gañadores desta promoción autorizan a ESTRELA DE MARÍN a reproducir, utilizar e difundir o seu nome, apelidos, enderezo e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promocional que esté relacionada con esta promoción, todo elo en calquera medio e sen que ditas actividades lles confira dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases. A cesión inclúe todos os dereitos de reprodución, transformación, distribución e comunicación pública da grabación ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio.

9) ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na presente promoción supón a aceptación íntegra das presentes bases e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe ESTRELA DE MARÍN. No caso de diverxencia entre os participantes na promoción e a interpretación das presentes bases por ESTRELA DE MARÍN, serán competentes para coñecer dos litixios que poidan plantexarse os Xulgados e Tribunais de Marín, renunciando expresamente os participantes desta promoción ao seu propio fuero, de resultar distinto ao aquí pactado.

En Marín a 16 de xaneiro de 2024